

Europa, aquí

Ensaio Dous libros de C. Nogueira

Camilo Nogueira (Vigo, 1936) leva escritos varios libros sobre temas de gran interese para Galiza. Os dous que vén de publicar agora son particularmente importantes. O máis extenso, *Europa. O continente pensado*, describe a enorme aventura que deu lugar ao que hoxe coñecemos como Unión Europea. O que fora deputado europeo polo BNG escribe dende a experiencia de testemuño e actor directo, en anos de proba para a fe europeísta, coa elaboración da Constitución e o seu posterior fracaso. Pero faino engadindo a perspectiva desta vella nación, que ten necesidade de contar coas súas propias avaliacións da longa converxencia dos pobos do continente.

O libro dá unha completa visión dos desafíos e das tendencias que están detrás da construción europea e detense en explicar polo miúdo as liñas de pensamento e os equilibrios de intereses que fixeron posíbel a Unión Europea. Por último, entra en valorar as opcións de futuro da UE e a situación específica das nacións sen Estado. Gustoume ler as notas que recollen as intervencións de Nogueira no Parlamento Europeo, faladas en galego, o que non supuña ningún problema para os intérpretes de portugués, e recoillidas coa normativa portuguesa.

O segundo libro, *Galiza na Unión. A porta atlántica*, fala dunha aventura colectiva máis doméstica: a nosa propia aventura para incorporármolos a Europa, a esa outra patria común na que temos as raíces, dende os celtas e os romanos. Un tema que vai ser clave nos estudos de historia contemporánea de Galiza nas vindeiras décadas.

Europa. O continente pensado

· Camilo Nogueira ·
Galaxia, 2008 · 372
páx · 21 euros



Galiza na Unión. A porta atlántica

· Camilo Nogueira ·
Galaxia, 2008 · 202
páx · 19 euros



A nosa entrada na UE, daquela CEE, non tería que ter esixido tanto esforzo e tanta perda de oportunidades. Foron máis de dez anos de reconversións, con consecuencias que aínda arrastramos: na industria –principalmente nos estaleiros–, na gandería, na pesca. O goberno central esqueceuse de Galiza, polo que a negociación de entrada fíxose de costas aos nosos intereses.

As infraestruturas ían a outros lugares. Por exemplo, unha comunidade rica como Madrid recibía gran parte dos fondos do período 2000-2006, incluíndo os destinados á terminal 4 de Baraxas. O goberno galego tampouco se comportou como cumpría esixirlle pois os recursos que chegaron aquí foron en grande medida estragados. Como escribe Camilo Nogueira: “o executivo galego actuou como unha deputación provincial, alimentando a irresponsabilidade e pequenos intereses municipais”.

Anos moi duros, seguidos dunha crecente recuperación dende mediados dos noventa, superando



Cabo de Fisterra. // **Matthieu Dorval**

obstáculos que non tiñan por que estar no camiño, si se tiveran feito ben as cousas. Aparece entón a capacidade de esforzo do pobo galego, que lle fai procurar peixe no último curruncho do planeta, mentres desenvolve unha acuicultura de vangarda, que lle fai ser a única rexión europea que aumenta a súa produción de leite co sistema de cotas. Ao mesmo tempo a industria recupérase e desenvolve unha crecente presenza internacional. O libro remata con capítulos adicados a temas de importancia básica para

o país, situados xa no contexto europeo, como o autogoberno, as relacións con Portugal e a lingua.

Galiza aínda ten un problema de alienación, aínda nos vemos polos ollos doutros, o que dificulta a superación das nosas vellas eivas. Os libros de Camilo Nogueira son medicinas valiosas para rachar coa visión dominante. Esa visión abafante, que el describe con precisión: “[...] a concepción xacobina do Estado propia da esquerda [...] e o castizo afán de dominación e uniformismo das dereitas españolas”. // **Enrique Sáez**